



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU
ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 893 Semana do 21 ó 27 de febreiro de 2022

A SUBIDA DO SMI FAVORECE O EMPREGO E É COHERENTE COAS NECESIDADES ECONÓMICAS E SOCIAIS

Redacción.- UGT fixo público un informe sobre a subida do SMI que beneficiará a un millón e medio de persoas traballadoras a tempo completo e a medio millón máis a tempo parcial (máis de 85.000 en Galicia). A subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) en 2020 ata os 1.000 euros ao mes é un logro que non sería posible sen o persistente traballo sindical desde hai moitos anos.

O SMI aumentou de maneira moi relevante nos últimos anos, recuperando o enorme e anómalo desfasamento que tiña tanto coas retribucións medias do país como cos niveis existentes nos países comparables por grao de desenvolvemento da conorna europea.

E a pesar destes importantes incrementos, non se constatou un impacto directo negativo sobre a creación de emprego. Pola contra, a ocupación seguiu crecendo a un ritmo notable. Así os datos contradín os interesados discursos catastrofistas que se verteron por parte dalgúns organismos, institucións e persoas nos últimos anos, cada vez que procedía actualizar esta renda laboral mínima. Segundo a variación do emprego asalariado que ofrece a EPA do cuarto trimestre de 2016 ao cuarto de 2019, o PIB real creceu un 7,2%, mentres que:

- O emprego asalariado total creceu un 9,5%, máis que o PIB.
- O incremento do emprego das mulleres foi algo maior que o dos homes (9,9% fronte a 9,1%).
- O emprego asalariado novo (menos de 25 anos), onde se supón que pode ter máis incidencia o salario mínimo, creceu un 30,2%, moi por encima do total.

Esta subida do SMI, como as anteriores, mellora os ingresos dos fogares máis desfavorecidos, e permitirá impulsar o consumo; incrementar os ingresos por cotizacións da Seguridade Social; reducir a desigualdade salarial; incentivar os negocios máis produtivos, que xeran maior valor engadido e conleva a mellora das condicións laborais.

UGT considera que agora toca cumprir co seguinte compromiso e que en 2023 o SMI por fin alcance o 60% do salario medio, tal e como subscribiu España na Carta Social Europea.

A partir de aí deberán fixarse criterios para modular a súa actualización anual, tal e como se recolle formalmente no artigo 27 do Estatuto dos Traballadores. Pero, sobre todo, deberán establecerse garantías para que o SMI manteña a referencia sobre o salario medio, de maneira que reforce a súa funcionalidade socioeconómica e non volva degradarse nunca máis.

Entrando máis polo miúdo no informe publicado por UGT, co gallo da aprobación no Consello de Ministro da subida ós 1.000 euros, este apunta a que dende o 2016 o SMI aumentou un 52,6%, gañando 35,6 puntos de poder adquisitivo. Por iso, o incremento pactado para o 2020, nun contexto de repunte inflacionista, supón unha cifra razoable.

Atendendo ós beneficiarios desta subida, por idades, afecta en maior medida ós máis mozos, chegando case a unha incidencia do 30% entre quenes teñen de 16 a 19 anos e descendendo paulatinamente ata situarse a partir dos 35 anos en torno ó 10%. Por tipo de contrato, a maior incidencia é para quenes teñen un contrato temporal, aínda que en termos absolutos, dous terzos dos perceptores son indefinidos. Por sexos, serían as mulleres as máis beneficiadas (54,33% en Galicia). Por sectores, a maior incidencia relativa é no primario; o seguinte, servizos e a menor repercusión estaría na industria e construción. Non obstante, en termos absolutos, a maior repercusión estaría nos servizos. co 80% do total, seguido da industria, agricultura e a



construción.

Concluindo, o SMI tivo en España aumentos moi relevantes nos últimos anos, recuperando de xeito acelerado o anómalo desfase que tiña. Pese a isto, non se constatou un impacto negativo sobre a creación de emprego. Ó contrario, a ocupación continuou medrando a un ritmo máis que notable. O feito de que o SMI estivera a un nivel anormalmente baixo e os notables incrementos logrados na produtividade do traballo puideron contribuír a que ese potencial efecto negativo non se producise, ou os efectos positivos que produciu, ao mellorar os ingresos dos fogares, foron superiores. Entre estes, destacan o impulso ó consumo dos fogares con menos rendas, aumentando a demanda, a actividade económica e a creación de emprego; incremento de ingresos por cotizacións á Seguridade Social; redución da desigualdade salarial; e incentivo ós negocios máis produtivos, que xeran máis valor engadido e conlevan en xeral mellores condicións laborais.

A previsible consecución no 2023 dunha contía equiparable ó 60% do salario medio abrirá un novo escenario no que deberán establecerse garantías para que o SMI manteña a referencia sobre o salario medio, de forma que reforce a súa funcionalidade económica e social e non volva a degradarse nunca máis.

CONVOCADA FOLGA NAS RESIDENCIAS PRIVADAS DE MAIORES E CENTROS DE DÍA A PARTIR DO 17 DE MARZO PARA ESIXIR UN NOVO CONVENIO E CONDICIÓN DIGNAS PARA O SECTOR

Redacción.- UGT Servizos Públicos, xunto con CCOO e CIG, convocan folga indefinida a partir do día 17 de marzo ás 22.00 horas nas residencias de maiores e centros de día de toda Galicia para denunciar o incumprimento e bloqueo do convenio por parte da patronal e as condicións de precariedade nas que se atopan os traballadores e traballadoras do sector, uns 10.000 en toda Galicia, pese a tratarse dun servizo esencial.

A día de hoxe, as negociacións do convenio están bloqueadas pola pouca ansia da patronal por chegar a un acordo e, a pesar dun intento de mediación, este fracasou, polo que os representantes dos traballadores decidiron esta convocatoria de folga.

Javier Martínez (UGT Servizos Públicos Galicia) denunciou que ós traballadores e traballadoras estáselles a negar a suba salarial conforme ó IPC, aínda que as empresas si están a repercutir estas subas nas tarifas das persoas usuarias. As empresas están a atrasar esta decisión á espera de que o INE publique o dato definitivo de 2021 e dubida de que o apliquen con carácter retroac-

tivo. De seguro, cando teñan que pagar todos os atrasos xuntos poñerán como desculpa que non teñen o diñeiro, aínda que obvien o que estiveron a aforrar durante estes dous últimos anos.

Javier Martínez tamén denunciou as políticas que en materia de ratios de persoal aplican. Levan sen tocarse dende o ano 1989. As que existen son tan xenéricas que as empresas poden aplicarlas á súa libre interpretación, xa que nin se especifica por especialidades.

Esta situación vese agudizada polo feito de que as empresas non substitúen o persoal de baixa ou de vacacións "co que non se cumpren nin tan sequera esas presenzas mínimas", o que aumenta a carga de traballo do resto do persoal e faise diminuír a calidade do



servizo que se presta. "Queren aforrar como sexa a costa do persoal e iso non llo imos permitir", advertiu.

En canto ó papel da Xunta, Martínez denunciou que, pese á situación deste colectivo, a Administración galega ponse de perfil, aínda que se trate dun servizo de interese público. Política Social presume de estar preparando un novo modelo de residencias con grupos de traballo dos que forman parte os mesmos directores dos centros que lles están negando a día de hoxe ós seus traballadores unhas condicións laborais dignas.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO CONTACT CENTER MOBILÍZANSE EN MADRID PARA RECLAMAR ESTABILIDADE E SALARIOS DIGNOS

Redacción.- O pasado martes os traballadores e traballadoras do sector do Contact Center mobilizáronse en Madrid, coincidindo coa celebración do congreso da patronal do sector no hotel Ritz. Esta mobilización contou cunha nutrida representación de delegados e delegadas de UGT procedentes de Galicia que denunciaron a actual situación de bloqueo do convenio, por parte da patronal, despois de dous anos.

O sector de Contact Center ocupa a máis de 100.000 persoas traballadoras en toda España (incluídas as persoas traballadoras por ETT).

Atopámonos nun sector onde a carga de traballo é desproporcionada e con grandes problemas en canto aos riscos psicosociais.

Desde UGT perseguimos no convenio colectivo a estabilidade no traballo e mellores condicións para as persoas tra-

balladoras.

A Reforma Laboral solución a alta temporalidade que se dá no sector e que agora, desde UGT, queremos que se plasme no convenio colectivo.

Igualmente, a subida do SMI deixou algún nivel profesional do convenio por baixo, o que quere dicir que os salarios teñen que ter un incremento importante e, por parte de UGT, non imos permitir que as persoas traballadoras perdan poder adquisitivo.

Atopámonos nun sector altamente feminizado (ao redor dun 70% das per-



soas traballadoras son mulleres) e, debido ás condicións do sector, este dato impacta directamente na desigualdade salarial que existe en España.

Ante o despropósito da patronal, que non quere dignificar as condicións das persoas traballadoras do Contact Center, a parte social seguirá co calendario de mobilizacións.

UGT OPOSE Á FRAGMENTACIÓN DE CORREOS EN NEGOCIOS INDEPENDENTES ANUNCIADA POLO PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA POSTAL

Redacción.- O presidente de Correos, Juan Manuel Serrano, nunha reunión directiva con representantes de todo o Estado, anunciou a súa intención de dividir Correos en negocios independentes, para crear sociedades anónimas con personalidade xurídica propia. Para UGT, partir a compañía en unidades de negocio, só pode supoñer o fin do servizo público postal de calidade para pasar a ser residual e marxinal, á vez que se camiña cara á privatización dos negocios rendibles da compañía, que nin o anterior Goberno se atreveu a facer con maioría absoluta.

A división e ruptura que o presidente da compañía quere facer con Correos, no prazo dun ano ou ano e medio, segundo as súas propias palabras -coincidindo co que resta de lexislatura- é un paso máis na estratexia de desmantelamento do servizo postal público (alcanzable e accesible para a cidadanía) denunciado por UGT, que confirma o afán liberalizador e “nada progresista” de Serrano, na súa política de abandono e enfraquecemento do correo público.

Para UGT, as consecuencias sociais son, entre outras, o recorte de servizos públicos á cidadanía, que

afectará especialmente ás zonas rurais onde o reforzo dos servizos públicos é fundamental, contradicindo a estratexia do Goberno progresista de potenciar os servizos públicos e de non deixar a ninguén atrás na recuperación (as boas palabras e a propaganda non serven para nada sen financiamento e compromiso); consecuencias empresariais: o sector postal leva décadas liberalizado, cun altísimo grao de competencia, postal e de paquetería, con empresas moi consolidadas e outras de recente aparición, e coas plataformas dixitais de entrega que supoñen un risco para a estabilidade e supervivencia empresarial; e laborais: pola perda de dereitos e a segregación do persoal, que provocarán o aumento da conflitividade xa existente en Correos.

O presidente utilizou na reunión o exemplo para seguir da división de RENFE en dúas empresas totalmente diferentes: Renfe operadora e Adif, división que conlevou a segregación dos cadros de persoal e a conflitividade laboral durante anos, co obxectivo de imitar o modelo liberalizador do correo alemán, que ten a DHL como bandeira e non recibe financiamento polo servizo postal universal,

en detrimento de modelos postais de éxito (social e económico) con forte apoio público como o do correo francés prestado pola Poste, defendido por CCOO e UGT para un correo público español de calidade, moderno e competitivo.

Na situación actual de debilidade económica xerada pola desastrosa xestión da crise sanitaria primeiro, e a estratexia comercial despois, á que se engade a manifesta incapacidade dos directivos actuais para xestionar Correos, partir a compañía en unidades de negocio só pode supoñer o fin do servizo público postal e a venda de Correos a prezo de saldo.

UGT oponse frontalmente á división e á segregación do seu cadro de persoal, cun Goberno socialista unha decisión desta natureza non a pode tomar en contra do 74% da representación sindical. Por iso, CCOO e UGT continuarán coas mobilizacións esixindo á empresa e ao Goberno a rectificación do despezo postal e que aposten por un modelo postal público, sostible social e economicamente, que garanta a cohesión social e territorial, con financiamento suficiente, para prestar un servizo postal de calidade a toda a cidadanía.

UGT RECLAMA Ó GOBERNO POLÍTICAS PÚBLICAS QUE ELIMINEN A POBREZA ENERXÉTICA

Redacción.- O sindicato valora a aprobación en Consello de Ministros da Real Decreto-lei que prorroga ata o 30 de xuño a prohibición de cortar a subministración de luz, auga e gas aos consumidores vulnerables e a posibilidade de ser beneficiarios do bono social eléctrico aos vulnerables economicamente pola COVID-19.

Desta forma, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama a Europa a mellora da normativa en materia de enerxía, e ao Goberno de España que adopte medidas que ofrezan solucións a longo prazo, cun maior investimento público no sector enerxético e a eficiencia, e deseñe políticas públicas eficaces, así como un modelo enerxético máis xusto, solidario e sostible. Para o sindicato, resulta imprescindible seguir reforzando a protección dos consumidores vulnerables, asegurándolles o acceso a un ben básico como é a enerxía, con actuacións que consigan reducir e eliminar a pobreza enerxética.

As continuas subidas dos prezos da enerxía, e as situacións económicas provocadas pola Covid-19 tiveron un gran impacto na maioría dos fogares e empresas, pero afectaron en maior medida aos consumidores vulnerables. A escalada de prezos deriva non só da ineficiente normativa europea en materia de enerxía, senón tamén do problema global que supón a compra de grandes cantidades de gas por parte de China ou as recentes tensións entre Europa e Rusia por mor do conflito de Ucraína.

Segundo datos do INE, correspondentes ao ano 2020, incrementouse a pobreza enerxética en España, respecto ao ano anterior. Tres dos catro indicadores oficiais que establece a Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética (ENPE) 2019-2024 empeoraron, e só un presenta unha lixeira melloría. Desta forma, a incapacidade para manter a vivenda a unha temperatura adecuada creceu do 7,6 ao 10,9%; o atraso no pago das facturas, pa-



sou do 6,6 ao 9,6%; o gasto enerxético desproporcionado, que reflicte o número de fogares cuxo gasto enerxético en relación cos seus ingresos é máis do dobre que o da media nacional, creceu levemente do 16,7 ao 16,8%; e a pobreza enerxética escondida, que é a porcentaxe de fogares cuxo gasto de enerxía absoluto é inferior á media nacional, pasou do 10,6 ao 10,3%. As medidas adoptadas polo Goberno durante a pandemia serviron para amortiguar os resultados, pero non foron tan eficaces como se esperaba. E, posiblemente, os datos para a anualidade 21 e parte do 22 incrementarán as porcentaxes.

GUERRA EN EUROPA: UGT CONDENA O ATAQUE MILITAR RUSO A UCRAÍNA

Redacción.- Se a decisión de Rusia de recoñecer Lugansk e Donetsk como repúblicas independentes supoñía un grave paso na profundización do conflito existente entre Rusia e Ucraína, a ofensiva militar, unha opción que sempre estivo presente e contra a que UGT se manifestou en numerosas ocasións, traspasa a liña do dereito internacional, a política de bandos ou a opinión xeopolítica: a violación da paz, a guerra, é un ataque ao conxunto da clase traballadora de Ucraína, vítima dunha política de bloques que en nada lle beneficiou. Tamén son vítimas os e as traballadoras rusas, que ao drama bélico sumarán as consecuencias das sancións económicas que se implanten contra o seu país. Unha situación, en definitiva, na que só resultan beneficiados a curto prazo os egos e enquisas de determinados xefes de Estado a ambos os dous lados do Atlántico, que lonxe de demostrar a altura de miras propias dos líderes mundiais, constatan a pequenez moral que esconden as súas evidentes ansias de poder e megalomanía.

O incumprimento de Ucraína dos

acordos de Minsk e o apoio militar de Estados Unidos e a OTAN e a lamentable política rusa de medir constantemente o seu poder fronte a países máis débiles están entre as bases do actual conflito. O resultado é unha perfecta reprodución en Europa do Leste das políticas intervencionistas de Estados Unidos como de Rusia, e que ten como principais vítimas á poboación civil, que sofre todas as consecuencias da guerra e a tensión, a degradación económica e política xeradas polo conflito militar existente desde fai máis de oito anos no leste de Ucraína. Unha vez máis, a clase traballadora de Ucraína e de Rusia son as vítimas das políticas de quenes foron elixidos para protexelos e garantir as súas vidas en paz.

A guerra debe parar de maneira inmediata e as tropas rusas deben retirarse de Ucraína. Así mesmo, o recoñecemento de independencia ruso de parte do territorio ucraíno, incompatible coa Carta das Nacións Unidas, debe revertirse.

UGT solidarízase coas organizacións sindicais ucraínas, que suman

ás políticas regresivas en materia laboral do Goberno de Kiev, confirmadas pola Organización Internacional do Traballo (OIT), todo o potencial destrutor da guerra e as súas consecuencias.

O sindicato fai un urxente chamamento a retomar a cordura e a reempezar, baixo o patrocinio de Nacións Unidas, o diálogo. Un diálogo aberto e franco no que o obxectivo da paz non se perda nunca. Así mesmo, UGT insta ó Goberno de España a que traballe para que a Unión Europea redobre os seus esforzos por unha solución pacífica á crise entre Rusia e Ucraína, poñendo como máxima prioridade o fin da guerra e o mantemento da paz, o respecto da integridade territorial ucraína e a volta aos acordos de Minsk. A guerra abriuse ou a abriron en Europa. É por iso polo que España e a Unión Europea deben reflexionar e construír a súa propia alternativa política baseada nestes principios, e afastarse do inútil seguidismo á estratexia de terceiros que só responde aos seus únicos intereses. A paz é, hoxe máis que nunca, o único obxectivo lexítimo.


DEIXAR SEN PARO ÁS EMPREGADAS DE FOGAR É DISCRIMINACIÓN

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE), que ditaminou que a exclusión da prestación de desemprego ás empregadas de fogar é contraria á Directiva europea sobre Igualdade en materia de Seguridade Social

Sentenza

Unha sentenza que sinala, con toda claridade, que ao ser mulleres máis do 95% das persoas afiliadas ao Sistema Especial de Empleados de Hogar, a súa exclusión da cotización por desemprego e a percepción da prestación constitúe unha discriminación indirecta por razón de sexo.

Tras esta decisión, para UGT é imprescindible a inmediata apertura da mesa de Diálogo Social para abordar a relación laboral e de Seguridade Social destas traballadoras, co fin de avanzar na equiparación de dereitos e terminar coa discriminación que supón a súa exclusión da prestación de desemprego,



da Lei de prevención de riscos laborais e da aplicación de particularidades a este sector que as afastan dos dereitos que gozan o resto de traballadoras e traballadores.

Por todo iso, a Unión Xeral de Tra-

balladoras e Traballadores insta ó Goberno a iniciar este proceso de diálogo social e acelerar os trámites da ratificación do Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT) sobre traballadoras e traballadores domésticos.

HAI QUE ACABAR COA BRECHA DIXITAL QUE SOFREN A MAIORÍA DAS PERSOAS DESEMPREGADAS

Redacción.- O responsable de Dixitalización de UGT, José Varela, interveu no evento “Os servizos de emprego en España. Melloras para optimizar o servizo de acompañamento aos desempregados”, organizado pola asociación Cibercoizante.

Varela esixiu medidas contundentes e urxentes para pechar a fenda dixital que sofre unha abafadora maioría das

persoas desempregadas. Aínda hoxe no noso país, 6 de cada 10 desempregados non usa a tecnoloxía (Internet ou apps) para buscar emprego, o que redonda nunha insoportable desigualdade de oportunidades no acceso ao emprego.

Tal limitación demóstrase no uso que fan de internet as persoas desempregadas para buscar un emprego, que descendeu un 15% na última década, cando

neste tempo é evidente a popularización deste medio como método de prospección dun novo posto de traballo.

Por iso, Varela reclamou a todas as administracións públicas unha rápida posta en marcha do Plan Nacional de Competencias Dixitais, priorizando a alfabetización tecnolóxica dos colectivos máis vulnerables, con especial foco nas persoas desempregadas.

O GOBERNO DEBE GARANTIR O ACCESO GLOBAL Á VACINA DE HIPRA


Redacción.- Unha vintena de organizacións, entre as que se atopan UGT e a campaña Right2Cure, da que o sindicato tamén forma parte, enviaron unha carta ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, para reclamar máis protección do investimento público destinado ao desenvolvemento das vacinas e outras ferramentas sanitarias contra a Covid-19.

Para UGT, é preocupante o caso de Hipra, unha compañía española que desenvolve unha vacina contra a Covid-19 que está a piques de comezar o ensaio clínico en fase 3, con 3.000 pacientes de 15 hospitais de España, Italia e Portugal. Se todo sae ben, esta sería a última etapa antes de comezar o seu proceso de regulación e autorización. Para a investigación e o desenvolvemento da vacina, a compañía recibiu millóns de euros de investimento público.

Entre outras partidas, obtivo 15 millóns en axudas públicas para a fase IIb/III dos ensaios clínicos, segundo anunciou hai uns meses a ministra de Ciencia e Innovación, Diana Morant. Con todo, nada garante que cando a vacina comece a producirse poida chegar a todas as persoas que a necesiten dentro e fóra das nosas fronteiras. Por iso, lembramos ao Goberno que “se atopa no ámbito das súas responsabilidades a procura de fórmulas que coloquen como obxectivo central a saúde pública e propoñan ás empresas unha remuneración adecuadamente proporcional aos seus esforzos de investimento”.

O camiño xa existe, como exemplo a vacina Corbevax, desenvolvida polo Hospital Infantil de Texas e o Baylor College of Medicine, cuxa licenza non é exclusiva e está ao dispor de fabricantes de todo o mundo con capacidade para producila.

No caso da vacina de Hipra, e das va-



cinas que desenvolve nestes momentos o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), as entidades asinantes reclaman que as súas licenzas compártanse a través de C-TAP, a plataforma impulsada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) destinada a intercambiar coñecementos e a propiedade intelectual das vacinas e outros produtos contra a Covid-19. “Débense incorporar condicións e provisións de acceso para que tanto as entidades públicas como privadas, licencien os seus produtos a través de acordos globais e non exclusivos, a través de C-TAP, compartindo os dereitos de propiedade intelectual, cunha compensación razoable á empresa polo seu esforzo económico”, sinala a carta. Ademais, as organizacións demandan ao Executivo que o financiamento destinado a institucións públicas sexa o mesmo que a que se inviste en institucións e empresas privadas.

En novembro de 2021, España foi o primeiro país en sumarse a C-TAP, incorporando a esta plataforma un test diagnóstico desenvolvido polo CSIC. Esta licenza permite a calquera empresa acreditada fabricar o test, conseguindo así que poida ser accesible e alcanzable para todas as

persoas que o necesiten, en calquera país do mundo. Esta cesión demostra que “o Goberno de España ten a oportunidade de avanzar e liderar a nivel mundial a formulación de solucións concretas para conseguir un acceso e unha distribución xusta e equitativa das vacinas”.

Para UGT, non pode ser esta “a pandemia da inequidade”

Mentres nos países máis ricos os gobernos prepáranse xa para convivir coa Covid-19, poñen terceiras doses e mesmo avanzan nunha cuarta, nos países de baixos ingresos vacínouse con dúas doses só ao 10% da poboación. “A causa son os monopolios das vacinas que limitaron a produción e elevaron os prezos xunto co acaparamento de vacinas desencadeado entre os países que poden pagar os prezos impostos por contrato polas farmacéuticas”. Con todo, a estratexia debería ser a contraria, “aumentar a produción e diversificala en todas as rexións do mundo fortalecendo os sistemas sanitarios”. Trátase, en definitiva, de “mellorar a resposta de todos os países aos desafíos globais de saúde pública”.